

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 4 de novembro de 2021 **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

MOGAMULIZUMAB

No tratamento de pacientes adultos con síndrome de Sézary que recibiron polo menos un tratamento sistémico previo, nas seguintes condicións clínicas:

- Non candidatos a transplante alogénico de células nai hematopoiéticas (TAPH) e
- Con expresión de CCR4 na pel superior ou igual ao 10%, se a determinación está dispoñible e
- ECOG ≤ 2 ⁽¹⁾

A elección entre Mogamulizumab e as alternativas existentes, basearase en criterios de eficiencia.

Outras consideracións:

Existe incerteza en relación á eficacia e seguridade do mogamulizumab en pacientes con afectación visceral. Na actualidade non está determinado o beneficio-risco do mogamulizumab en suxeitos con compromiso visceral pola falta de datos.

⁽¹⁾ ECOG ≤ 2 , excepto aqueles pacientes nos que o ECOG > 1 está claramente en relación coa enfermidade de base.

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Director Xeral de Asistencia Sanitaria
Jorge Aboal Viñas

(PD Acordo do 1 de outubro de 2021)
O subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación

Alfonso Alonso Fachado
Santiago de Compostela (sinatura e data dixital)

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde